




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa de Estaca de Bares e Picón. Concello: Mañón. Parroquia: Santa María de Bares e, no extremo meridional, Santa María de Mogor. Extensión: 5,37km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

É un dos fitos xeográficos da costa galega, non só por ser a localización máis setentrional da Península Ibérica, senón tamén por tratarse dun lugar espectacular debido aos seus potentes cantís e a forma apuntada da súa rochosa punta. Unidade de mega cantís con dous tipos diferenciados: a parte NO, de paredes verticais e teito aplanado, gran dinámica e grandes acumulacións de bloques ao pé; parte NE, central e S, con moi potentes vertentes convexas sobre paredes moi altas. Esta última parte posúe maior recorte na liña litoral e perfís máis irregulares con valgadas que seguen liñas de debilidade tectónica. A propia diferenciación entre os dous sectores cantís diferenciados parece ser tamén de tipo tectónico. Inclúe os EIX Costa acantilada de Picón e Costa acantilada de Estaca de Bares.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominada polos materiais hercínicos, só na esquina sudoeste da unidade aparecen enclaves doutros materiais pertencentes ao "Dominio Olla de Sapo". Estes son facies mixtas do gneis "Olla de Sapo" en Punta Maeda, ademais de cuarcitas do Ordovícico inferior e filitas do medio e superior. Por último, aparece o filón de cuarzo de O Barqueiro, explotado na actualidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada de ambiente climático Cálido e Seco: temperatura media anual que non descende dos 14°C e unhas precipitacións acumuladas entre 800mm e 1000mm anuais. A variación térmica ao longo do ano sitúase entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Os chans máis evolucionados de tipo cambisol dístico, quedan relegados aos sectores de menor pendente e pequenas valgadas. O resto da unidade caracterízase polas pendentes acusadas e afloramentos do substrato rochoso, polo que dominan os regosois e leptosois líticos. Os antrosos localízanse no extremo meridional, sendo chans moi modificados polos efectos da explotación cuarcífera.


AS AUGAS

A morfoloxía acantilada da costa de Estaca de Bares dá lugar a unha rede fluvial pouco significativa na que se suceden as valgadas angostas e de forte pendente. As augas continentais verten ás masas de Augas Costeiras 20163 e 20115 esta última situada ao sur do Calxón de Miguel.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Gran parte da unidade está dentro do LIC Estaca de Bares. O hábitat máis amplo é o 1230 cantís con vexetación das costas atlánticas, sumando nas grandes praias de bloques, o 1210, "Vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados". Na chaira litoral de Estaca de Bares, aparecen áreas hidromorfas con extensións de breixeiras húmidas (4020) e algunhas masas de bosques de ribeira (91E0). Estes dous hábitats desenvólvense tamén nalgúns valgadas da costa sudoeste da unidade. Todas estas áreas, por localización e aspecto físico, indican potencialidade para o desenvolvemento de pequenas áreas húmidas pertencentes ao grupo de hábitat 71, das turbeiras ácidas de esfagnos. Citas do taxon vulnerable protexido *Linaria aguillonensis*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade conserva en case toda a súa extensión a cuberta natural orixinaria propia destas paisaxes litorais de mega cantís, permanecendo libre de actividade humana até a actualidade. A práctica totalidade do chan desta unidade está cuberta por formacións vexetais costeiras que descenden por vertentes até a liña de litoral. As cotas máis altas dos diferentes montes do ámbito (Monte Semáforo, Alto de Bares e Monte Campelo) foron repoboadas con masas forestais mixtas nas que predomina o eucalipto. Só nas cotas máis baixas, entre o Alto de Bares e o Monte Videiras, sensiblemente máis chairas e rodeando o núcleo de Bares, desenvólvese certa actividade agrícola que descende en suave pendente cara á praia de Bares cunha destacable continuidade.

MORFOLOXÍA

O único asentamento que se sitúa neste ámbito é o de Bares, no alto dunha meseta deprimida entre o Alto de Bares e o Monte Videiras. O seu emprazamento responde, posiblemente, á procura da mellor orientación e a maior protección dos ventos mentres que as súas principais conexións visuais e funcionais xéranse co veciño Porto de Bares, na fachada oriental da península. O núcleo de Bares ten unha estrutura moi compacta, de directriz sensiblemente lineal organizada ao longo da vía que o atravesa en dirección NO-SE.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Este paraxe conta con moi poucas vías de comunicación, debido á escasa actividade humana que se desenvolveu tradicionalmente. As que hai, fundamentalmente pistas asfaltadas, están fortemente condicionadas polas características topográficas da contorna. Todas toman como referencia o asentamento de Bares, onde chega a AC-100 desde O Barqueiro e desde onde se distribúen as vías que van ao Faro de Estaca de Bares, ao alto do Monte do Semáforo e ao Porto de Bares.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Son numerosos os vestixios arqueolóxicos que se rexistran neste territorio, especialmente os enterramentos funerarios que se distribúen nos puntos máis elevados do Monte Facho de Maeda ou nas ladeiras do Monte Campelo. O núcleo de Bares acolle numerosos elementos catalogados, tanto de arquitectura relixiosa-a Igrexa parroquial de Santa María- como etnográfica sendo de especial interese os muíños de vento e de rodicio nas proximidades do asentamento. No extremo setentrional despunta o Faro de Estaca de Bares, a antiga base militar norteamericana e o edificio de O Semáforo, desde onde domina visualmente toda a paisaxe. Destacan pola súa excepcionalidade os Muíños Estaca de Bares, que descenden polo cantil aproveitando un curso de auga que desemboca directamente sobre este.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade forma parte do conxunto paisaxístico da Península de Bares, fito paisaxístico de gran singularidade e punto máis setentrional da Península Ibérica. A unidade de Estaca de Bares caracterízase por abarcar todo o flanco occidental e a fronte setentrional deste conxunto, e singularízase por constituír unha das fronteas cantís máis imponentes e excepcionais da costa, composto por mega cantís de alto valor xeomorfolóxico e paisaxístico ademais de posuír, no extremo norte, elementos patrimoniais excepcionais que contribúen a potenciar a singularidade desta contorna. Conserva a práctica totalidade da súa superficie coa cobertura vexetal orixinal inalterada, exenta de pegadas da acción antrópica. O núcleo de Bares, é o asentamento principal da península concentrando a poboación e centralizando as vías de comunicación que se distribúen polo resto do conxunto.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe da Península de Bares, no que se inclúen as unidades de Punta de Castro, Pena do Campelo, Bares e Estaca de Bares, supón un dos fitos paisaxísticos de maior importancia de toda a costa de Galicia. Aos seus destacables valores naturais únese o feito de que a intervención antrópica foi ao longo de toda a historia moi limitada, o que permitiu que conserve en gran medida a súa integridade orixinal. A fronte litoral occidental e setentrional, incluídos nesta unidade de Estaca de Bares, está constituída por formacións acantiladas de alto valor natural e cunha enorme capacidade expresiva, configurando unha paisaxe inhóspita, dura e salvaxe, que desafia ao mar aberto co dramatismo dos enfrontamentos épicos entre grandes forzas contrapostas. No extremo setentrional, a Punta de Estaca de Bares penetra no mar buscando o norte sobre paredes verticais de pedra que acaban por afundirse na auga, disgregándose en pequenos illotes como os restos dun naufraxio. Esta configuración morfolóxica fai que esta unidade sexa un lugar idóneo para establecer un punto didáctico de observación da tipoloxía A1.Mega cantís. Estes trazos obrigan, loxicamente, á consideración desta unidade como Espazo de Interese Paisaxístico do Litoral. Ademais, o incuestionable valor ecolóxico desta contorna foi recoñecido pola Directiva Hábitat coa súa inclusión na Rede Natura 2000 como Lugar de Interese Comunitario Estaca de Bares, e clasificado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais pola Xunta de Galicia, Espazo de Interese Xeomorfolóxico e Taxon (a fronte setentrional da costa).



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



